

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE TURISMO ACTIVO, AVENTURA E NATUREZA (AGETAN) PARA A IMPLEMENTACIÓN DA MEDIDA 24 INCLUÍDA NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación galega de empresas de turismo activo, aventura e natureza (AGETAN) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AGETAN para o desenvolvemento da medida 24 incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, relativa ao turismo activo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que a Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo, Aventura e Natureza (AGETAN) é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, que ten como obxectivo velar polos intereses do sector do turismo activo en Galicia, garantindo a prestación de servizos cumprindo criterios de seguridade, calidade e sostenibilidade.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Cuarto.- Que no citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso do turismo activo e contribuír a súa reactivación a través da realización das seguintes accións:

- **Promoción:** Desenvolverase un plan de comunicación que complemente as accións realizadas dende a ATG. Este plan dirixirase aos públicos e mercados obxectivos propios das empresas de TA de Galicia, e estará orientado á captación de leads para o incremento das vendas. Este plan executarase por medio de diferentes soportes online.
- **Accións para a garantía da prestación de servizos con seguridade e hixiene:** Servizo de asesoramento e acompañamento a todas as empresas de turismo activo



de Galicia na implantación dos protocolos necesarios para o inicio da súa actividade empresarial. As empresas deben estar inscritas no REAT.

Que a través deste convenio se outorga a AGETÁN unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se estima xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

